

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004745	CEIP Plurilingüe Anxo da Garda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

O CEIP Anxo da Garda está situado nun entorno urbano e conta cun patio de dimensións reducidas en relación ao número de alumnos e alumnas. A realización de actividades prácticas relacionadas coa Natureza está sometida a limitacións.

O grupo de terceiro nivel está formado por 23 estudantes, 11 alumnos e 12 alumnas. Sei alumnos/as incorporáronse ao centro este curso, e deles dous non ten coñecementos previos de galego, o que dificultará o seu progreso nesta asignatura.

Hai unha alumna que non superou a asignatura o pasado curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os cinco reinos	Partirase da elaboración dun mural para diferenciar entre seres inertes e seres vivos, así como para establecer a clasificación destes últimos nos cinco reinos. Profundizarase máis no coñecemento dos fungos, iniciándose na experimentación científica a través do estudo en equipos dun proceso de fermentación.	10	15	X		
2	A saúde	Elaboración dun pequeno caderno persoal sobre alimentación sana, posturas correctas, hábitos de sono e prevención de enfermidades respiratorias, que incluírá traballo individual, en parella e en equipo. Completarase ao longo do curso coa participación no proxecto anual deseñado pola Biblioteca para o centro, que fomentará a práctica do deporte como tema central das Olimpíadas.	10	12	X	X	X
3	O reino vexetal	A través do estudo de varias especies próximas analizaranse as principais características dos vexetais e realizarase unha iniciación á búsqueda de información en libros e Internet.	15	15	X		
4	O reino animal	Animais vertebrados e invertebrados. Animais en perigo de extinción.	20	20		X	
5	Ecosistemas	A partir da investigación sobre do Tema 3, completar o estudo de dito ecosistema. Elaboración dun mural e exposición oral do mesmo sobre os principais tipos de ecosistemas e relacións que se dan dentro dos mesmos.	15	13		X	
6	Materia, calor e enerxía	Características da materia. Cambios de estado. Enerxías renovables e non renovables.	15	15			X
7	As máquinas	Máquinas simples. Funcións dos ordenadores, Internet e riscos que entraña. Iniciación á robótica dentro do programa anual do centro.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os cinco reinos	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Clasificar seres en inertes e vivos.	Clasificar seres en inertes e vivos.	PE	80
CA2.2.2. - Explicar as funcións vitais	Demostrar que se coñecen as funcións vitais mediante respostas de alternativa múltiple.		
CA2.2.3. - Clasificar un ser vivo no reino correspondente.	Dados os reinos, clasificar un ser vivo no que lle corresponda.		
CA2.2.4. - Coñecer os tres tipos de fungos, así como algúns dos seus usos.	Coñecer os tres tipos de fungos, así como algúns dos seus usos.		
CA1.3.1. - Participar nun experimento de fermentación realizado en equipo (elaborar unha hipótese, preparar o material, realizar diariamente as medicións e anotacións, e redactar as conclusións) aceptando o seu papel en cada momento aínda que non coincida coas súas preferencias, coordinando a súa labor coa do equipo, mostrando respecto polo traballo e as opinións dos demais e interesándose pola consecución dun bo resultado final e unha boa presentación.	Participar no traballo do equipo aceptando o seu papel en cada momento. aínda que non coincida coas súas preferencias, mostrando respecto polo traballo e as opinións dos demais e interesándose pola consecución dun bo resultado final e unha boa presentación.	TI	20
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Presentar a folia de anotacións de medicións e observacións diarias coas conclusións redactadas.	Baleiro	0
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.			
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.

Contidos

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.

UD	Título da UD	Duración
2	A saúde	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información en imaxes, textos e preguntando a adultos para elaborar un libro persoal sobre a saúde.	TI	100
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar individualmente, en parella e en equipo, segundo as diferentes características de cada páxina, mostrando respecto polo traballo e as opinións dos demais e interés pola boa consecución e presentación do libro elaborado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.

UD	Título da UD	Duración
3	O reino vexetal	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Clasificar as plantas en arbustos, herbas e árbores.	Clasificar as plantas en arbustos, herbas e árbores.	PE	80
CA2.1.2. - Clasificar as follas dunha planta segundo a súa forma e o seu bordo.	Clasificar as follas dunha planta segundo a súa forma e o seu bordo consultando os modelos.		
CA2.1.3. - Explicar as funcións vitais das plantas.	Explicar de forma sinxela a fotosíntese e a xerminación.		
CA2.1.4. - Dado un debuxo, nomear as partes da planta, incluídas as da flor.	Dado un debuxo, nomear as partes da planta, incluídas as da flor.		
CA2.1.5. - Explicar os motivos fundamentais polos que as plantas son importantes para a vida humana.	Explicar o papel das plantas na produción de osíxeno.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	TI	20
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sobre plantas en libros e Internet, de xeito guiado.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Elaborar unha folla de álbum en parella sobre unha árbore próxima.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Colaborar co seu compañeiro ou compañeira na elaboración dunha folla de álbum sobre unha árbore próxima, mostrando respecto polo traballo e opinións da outra persoa, sentido da responsabilidade e interese na consecución dun bo resultado final e unha boa presentación.	Baleiro	0
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.

UD	Título da UD	Duración
4	O reino animal	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.6. - Clasificar animais en vertebrados e invertebrados e xustificar a resposta.	Clasificar animais en vertebrados e invertebrados e xustificar a resposta.	PE	80
CA2.1.7. - Clasificar un animal vertebrado no grupo correspondente e xustificar a resposta.	Clasificar un animal vertebrado de coñecemento común no grupo correspondente.		
CA2.1.8. - Explicar as características dalgúns animais invertebrados: diferenciar arácnidos de insectos, recoñecer bivalvos.	Explicar as características dalgúns animais invertebrados: diferenciar arácnidos de insectos, recoñecer bivalvos.		
CA2.3.1. - Citar algúns animais en perigo de extinción en España e no mundo, valorando a perda de diversidade ecolóxica que iso supón.	Citar algúns animais en perigo de extinción en España e no mundo, valorando a perda de diversidade ecolóxica que iso supón.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información, de libros e páxinas seguras de Internet, adquirindo léxico científico básico, para investigar sobre animais.	TI	20
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para elaborar, con axuda, unha presentación de alomenos dúas diapositivas.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.			
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.

UD	Título da UD	Duración
5	Ecosistemas	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.9. - Coñecer os elementos que compoñen un ecosistema.	Coñecer de forma elemental os elementos que compoñen un ecosistema.	PE	70
CA2.2.5. - Explicar as relacións que se establecen nun ecosistema entre especies e dentro da mesma especie.	Explicar as cadeas alimentarias.		
CA2.2.6. - Clasificar os seres vivos dun ecosistema en produtores e consumidores.	Dados varios seres vivos xa coñecidos polo alumno ou alumna, indicar cales son os produtores e cales os consumidores e por que.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	TI	30
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Elaborar individualmente un pequeno traballo guiado sobre o ecosistema do parque de San Diego. Buscar información en libros e páxinas seguras de Internet para elaborar un mural en equipo, empregando o vocabulario específico estudado na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos rolos que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo o rol que lle corresponda aínda que non coincida co da súa elección, respectando as normas básicas de convivencia e mostrando responsabilidade e interese na consecución dun bo resultado final.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada. - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.

UD	Título da UD	Duración
6	Materia, calor e enerxía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Indicar os estados nos que se presenta a materia na nosa contorna.	Indicar os estados nos que se presenta a materia na nosa contorna.	PE	80
CA3.1.2. - Explicar os cambios de estado da auga.	Explicar os cambios de estado da auga.		
CA3.2.1. - Diferenciar entre formas de enerxía renovables e non renovables.	Diferenciar entre formas de enerxía renovables e non renovables.		
CA3.2.2. - Indicar os combustibles fósiles, a súa orixe e os problemas que xera o seu uso.	Indicar os combustibles fósiles.		
CA3.3.1. - Coñecer e explicar a diferenza entre corpos illantes ou bo condutores da calor observada nos experimentos.	Explicar que significa que un corpo é illante ou bo condutor e poñer un exemplo.		
CA3.3.2. - Coñecer e explicar o proceso da combustión observado durante os experimentos.	Coñecer e explicar o proceso da combustión observado durante os experimentos.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	TI	20
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar os problemas ecosociais producidos polo uso dos combustibles fósiles e a enerxía nuclear, e propoñer medidas para un uso sustentable dos recursos naturais.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.			
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.

Contidos

- Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga.
- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.

UD	Título da UD	Duración
7	As máquinas	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4.1. - Identificar a polea, a panca e o plano inclinado, indicando o seu uso.	Identificar a polea, a panca e o plano inclinado, indicando o seu uso.	PE	30
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre experiencias con máquinas simples.	TI	70
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, en equipo, sobre máquinas simples, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións con interese na claridade e boa presentación no formato solicitado.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Participar con interese, sentido da responsabilidade e atención na elaboración en equipo dun produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-A metodoloxía estará orientada a conseguir unha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares e contidos transversais.

Para iso, levaranse a cabo:

-Actividades de iniciación ao método científico. No Tema 1, realizarase unha experiencia con fermentos en equipos; no Tema 5, experimentarán coas propiedades e

composición da materia e coa calor; e, no Tema 6, os equipos experimentarán con máquinas simples.

-Proxectos de investigación significativos para o alumnado por basearse na súa contorna ou en temas do seu interese, buscando fomentar a súa curiosidade e motivación. No tema As plantas, realizarán unha investigación sobre árbores próximas; no Tema 3 un traballo sobre animais en perigo de extinción; e, no Tema 4, un mural sobre ecosistemas.

Trátase de tarefas nas que o alumnado ten que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas a situacións presentadas, desenvolvendo a creatividade. Por outra parte, axudaranlle a crear hábitos para a búsqueda de información en libros e en Internet. Presentarán o produto final en forma de murais, libros de creación propia ou na aula virtual.

-Prestarase tamén especial atención ao desenvolvemento da capacidade para falar e desenvolverse en público a través da presentación á clase dos diversos traballos, dentro das limitacións que para este tipo de actividade supón unha ratio de 23 nenos e nenas.

-As explicacións do docente, con frecuencia irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Alternaremos actividades individuais, en parella e en equipo, para favorecer o desenvolvemento da autonomía do alumnado. A través do traballo cooperativo favorecerase a mellora do control emocional e o sentido da responsabilidade, e buscarase a inclusión de todo o alumnado. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo (Lapis ao centro, iniciación ao uso de actas, etc.)

-Utilizaremos pois unha metodoloxía activa, integradora, manipulativa e contextualizada.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos humanos
Recursos materiais
Recursos informáticos
Recursos dixitais

Con respecto aos recursos humanos, ademais do mestre-titor, o Departamento de Orientación intervirá se fose preciso. Tamén mestres/as con dispoñibilidade horaria para apoios ordinarios, de ser necesario e posible.

Os recursos materiais inclúen libros de consulta da biblioteca de aula e de centro, material funxible para os diversos experimentos.

Recursos informáticos: ordenador de aula, proxector e pantalla interactiva. Robots. O grupo de terceiro ten reservada a aula de informática dúas sesións cada semana, que se empregarán segundo necesidades nas diversas asignaturas.

Recursos dixitais: aula virtual e programas para desenvolver o proxecto anual de centro relativo a robótica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	20	15	15	15	100
Proba escrita	80	0	80	80	70	80	30	63
Táboa de indicadores	20	100	20	20	30	20	70	37

Criterios de cualificación:

Realizaranse probas escritas que suporán un 70 por cento da cualificación.

O 30% restante corresponderá ao rexistro de avaliación continua, no que se tomarán en consideración os seguintes aspectos:

- Traballos individuais e en equipo
- Responsabilidade mostrada en traer o material necesario, mantelo en bo estado e presentar os traballos na data sinalada.
- Caderno: interese en facer as tarefas e conseguir unha boa presentación.
- Intervencións na aula
- Comportamento (Incluindo neste apartado a atención durante as clases.)
- Esforzo

Criterios de recuperación:

Os alumnos que suspendan o exame dun tema, realizarán un novo exame de recuperación, que será de suficiencia. Nas ocasións nas que se considere conveniente, poderá ir precedido de tarefas de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Durante este curso, o alumnado que o precise recibirá apoio nesta materia centrado en dous aspectos:

1- Aspectos que comparte con LG: fundamentalmente comprensión lectora e, puntualmente, a elaboración de esquemas, mapas conceptuais e calquera outra técnica que poda mellorar a capacidade de aprendizaxe.

2- a) Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.

- b) Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

Por outra parte, a elevada ratio reduce inevitablemente a atención individualizada que pode prestar o titor.

Tendo en conta as limitacións que establece esta situación de partida para as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo as seguintes:

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, solicitando a colaboración das familias.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas

de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

-Solicitar a colaboración da Orientadora do centro se as medidas anteriores non surtisen efecto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión lectora.	X		X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O fomento do espírito científico.	X		X	X	X	X	
ET.4 - Fomento da creatividade, o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo.	X		X	X	X	X	X
ET.5 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X	X	X	X	
ET.6 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X		X	X	X	X	X
ET.7 - A educación para a paz. A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X		X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade entre mulleres e homes. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X		X	X	X	X	X
ET.9 - A educación para a saúde.	X						
ET.10 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.			X	X	X		X
ET.11 - Atención á creación do hábito de falar en público.			X	X	X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A Coruña ambiental. O aire que nos arrodea.	Charla e obradoiro a cargo de monitores especializados dentro da programación de actividades educativas do Concello.		X	
Residuos urbanos en A Coruña	Información sobre a reciclaxe, reutilización e redución de residuos. Visita ao parque de Bens. Dentro da programación de actividades educativas do Concello.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Axuste dos tempos empregados á temporalización prevista.
Adecuación dos procedementos de avaliación
Metodoloxía empregada
Adecuación das metodoloxías empregadas e as actividades realizadas aos contidos e obxectivos propostos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos recursos materiais e humanos.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.

Descrición:

O equipo de terceiro nivel realizará a avaliación da programación durante as avaliacións trimestrais. Os resultados da avaliación final faranse constar na memoria de fin de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica.

O equipo docente que imparte a materia no nivel, coordinarase e analizará trimestralmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo centrándose na comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas e no seguimento dos resultados da avaliación trimestral do alumnado. En función dos

mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria final, que servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004745	CEIP Plurilingüe Anxo da Garda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O CEIP Anxo da Garda está situado nun entorno urbano e conta cun patio de dimensións reducidas en relación ao número de alumnos e alumnas.

O grupo de terceiro nivel está formado por 23 estudantes, 11 alumnos e 12 alumnas. Sei alumnos/as incorporáronse ao centro este curso, e deles dous non ten coñecementos previos de galego, o que dificultará o seu progreso nesta asignatura.

Hai dous alumnos que non superaron a asignatura o pasado curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra no Universo	Concepto de galaxia, o Sistema Solar e os movementos da Terra.	10	8	X		
2	A representación da Terra	Tipos de mapas. Elaboración do plano da nosa aula e aplicación a un pequeno xogo do plano do tesouro.	10	6	X		
3	Tectónica de placas	A partir dunha pequena presentación sobre o volcán da illa da Palma, e do último terremoto de Marrocos, chegaremos ao estudo da tectónica de placas, os volcáns e os terremotos.	10	4	X		
4	As paisaxes	Partindo da elaboración dunha pequena maqueta en plastilina, estudaremos a paisaxe de interior. Paisaxe de costa.	10	9	X		
5	Tempo e clima	Realizar medicións co termómetro, o barómetro e o igrómetro ao longo dunha semana elaborando unha táboa cos datos e un gráfico lineal coas temperaturas. Estudar o climograma da Coruña. O cambio climático.	10	9		X	
6	O municipio	Crear colectivamente unha maqueta dun municipio e dramatizar unha sesión dun pleno. A partir de ambas actividades abordaranse os conceptos de localidade, municipio, concello e servizos municipais.	10	7		X	
7	Galicia e España	A partir do estudo de símbolos, costumes e manifestacións culturais galegas chegaremos a un estudo sinxelo das súas institucións e a súa estrutura administrativa. A continuación faremos	10	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Galicia e España	unha aproximación sinxela ás institucións españolas complementando o traballado con ocasión do Día da Constitución.	10	5		X	
8	A poboación	A partir da elaboración dunha enquisa e unha táboa sobre a emigración con perspectiva de xénero no noso grupo, abordaremos os conceptos de crecemento demográfico, emigración e distribución da poboación. Estudar a distribución en sectores das actividades produtivas.	10	8		X	
9	O paso do tempo	Elaboración dunha liña do tempo e estudo das unidades de medida do tempo. A través da elaboración dun álbum persoal, onde cada alumno ou alumna se representa a si mesmo como un personaxe de cada momento, abordaremos o estudo das idades da Historia.	10	6			X
10	A Prehistoria e a Idade Antiga	O alumnado realizará unha presentación sobre arte da Prehistoria e a Idade Antiga. En torno á mesma estudarán o concepto de fonte histórica e algunhas características da forma de vida en cada época.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra no Universo	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Distinguir as características máis elementales de estrelas, planetas e satélites.	Coñecer que as estrelas emiten luz e calor e os satélites e planetas non.	PE	100
CA2.2.2. - Coñecer os principais corpos celestes que compoñen o Sistema Solar.	Explicar que o Sol é a estrela do Sistema Solar e escribir a maior parte dos planetas independentemente da orde.		
CA2.2.3. - Coñecer que o Sistema Solar é unha parte da Vía Láctea.	Saber que o Sistema Solar está na galaxia chamada Vía Láctea.		
CA2.2.4. - Describir de xeito sinxelo os movementos de rotación e translación da Terra e as súas consecuencias.	Citar e describir de forma sinxela os movementos da Terra, e relacionalos coa sucesión de días e noites e de estacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Distinguir as características máis elementais de estrelas, planetas e satélites. - Coñecer os planetas do Sistema Solar. - Os movementos de rotación e traslación da Terra. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O planisferio e o globo terráqueo escollendo o máis adecuado segundo o uso. - Os mapas físicos, políticos e temáticos. - As lendas e as escalas. - O plano dunha habitación.

UD	Título da UD	Duración
2	A representación da Terra	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Situar no globo terráqueo e no planisferio o ecuador, os trópicos, os círculos polares e o eixe terrestre.	Situar no globo terráqueo e no planisferio o ecuador e os polos.	PE	90
CA2.1.2. - Identificar o hemisferio norte e o hemisferio sur.	Situar no globo terráqueo e no planisferio o hemisferio norte e o sur.		
CA2.1.3. - Situar a Península Ibérica no globo terráqueo e no planisferio, tanto físico como político.	Identificar e colorear a Península Ibérica no planisferio e no globo terráqueo.		
CA2.1.4. - Recoñecer e interpretar mapas físicos, políticos e temáticos, buscando información nas súas lendas e escalas para responder a preguntas.	Dado un mapa, indicar se é físico ou político e explicar por que.		
CA2.1.5. - Realizar actividades de localización ou orientación que inclúan o uso dos puntos cardiais nun mapa.	Situar os puntos cardiais nun mapa.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.6. - Elaborar un itinerario nun plano dun barrio da nosa cidade e empregar unha lenda.	Dado o plano dunha zona da cidade, debuxar un itinerario seguindo instrucións e empregando unha lenda de alomenos un elemento ou color.	TI	10
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.</p> <p>- O planisferio e o globo terráqueo escollendo o máis adecuado segundo o uso.</p> <p>- Os mapas físicos, políticos e temáticos.</p> <p>- As lendas e as escalas.</p> <p>- O plano dunha habitación.</p>

UD	Título da UD	Duración
3	Tectónica de placas	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.5. - Coñecer as capas da Xeosfera.	Dado un debuxo da Xeosfera, indicar a cortiza, o manto e o núcleo.	PE	60
CA2.2.6. - Explicar de forma moi sinxela a tectónica de placas.	Respondendo a preguntas con respostas electivas, indicar que a cortiza está formada por placas e coñecer algunhas consecuencias do seu movemento.		
CA2.2.7. - Indicar as partes dun volcán e explicar de xeito sinxelo en que consiste unha erupción.	Dado un debuxo, da nome ás partes e explica que a erupción é a saída de magma, cinza e gases.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar alomenos dúas fotos sobre o volcán de A Palma, gardalas nunha carpeta e empregalas, coa guía da profesora, para facer unha presentación.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información sobre volcáns en Internet seguindo un esquema dado.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostando comprensión das relacións que se establecen.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - A Xeosfera - A tectónica de placas. - As partes dun volcán e a erupción.

UD	Título da UD	Duración
4	As paisaxes	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.7. - Identificar os elementos do relevo dunha paisaxe de interior interpretando un mapa físico con axuda da lenda.	Unir con frechas os palabras meseta, val, montaña, serra, cordilleira, chaira e depresión coa definición do concepto ou coa súa representación a través dun debuxo.	PE	85
CA2.1.8. - Identificar os elemento do relevo dunha paisaxe de costa interpretando un mapa físico.	Recoñecer sobre un mapa os golfos, baías, cabos, penínsulas e arquipélagos.		
3	Somos hábiles co noso corpo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.	TI	100
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos executando as habilidades solicitadas de xeito correcto e axustado a súa técnica de execución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Toma de decisións: - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. - Esquema corporal: - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. - Definición da lateralidade. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.

UD	Título da UD	Duración
4	Expresámonos, cooperamos e bailamos!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Realiza unha proba escrita na que se recoñeza violencia e/ou os estereotipos de xénero no deporte e a presenza dos mesmos nos medios de comunicación.	PE	10
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.	TI	90
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Traballa en grupo reproducindo coreografías sinxelas e/ou composicións que representen emocións, sentimentos ou escenas da vida diaria.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Traballa en grupo reproducindo coreografías sinxelas e/ou composicións que representen emocións, sentimentos ou escenas da vida diaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Traballa en grupo reproducindo coreografías sinxelas e/ou composicións que representen emocións, sentimentos ou escenas da vida diaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Dominamos os móbiles	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Realiza unha proba escrita na que se recoñeza violencia e/ou os estereotipos de xénero no deporte e a presenza dos mesmos nos medios de comunicación.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Acepta ó grupo asignado na práctica e colabora cos seus compañeiros/as no desenvolvemento das actividades.	TI	90
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos executando as habilidades solicitadas de xeito correcto e axustado a súa técnica de execución.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos executando as habilidades solicitadas de xeito correcto e axustado a súa técnica de execución.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e colaborando dentro do grupo que lle foi asignado.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Acepta ó grupo asignado na práctica e colabora cos seus compañeiros/as no desenvolvemento das actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Toma de decisións:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.

UD	Título da UD	Duración
6	Somos hábiles con obxectos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Realiza unha proba escrita na que se recoñeza violencia e/ou os estereotipos de xénero no deporte e a presenza dos mesmos nos medios de comunicación.	PE	10
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.	TI	90
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos empregando habilidades aprendidas previamente.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos empregando habilidades aprendidas previamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e colaborando dentro do grupo que lle foi asignado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Toma de decisións: - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.

UD	Título da UD	Duración
7	Creamos xogos e construímos xoguetes	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a importancia da práctica habitual de actividade física no seu tempo como medio para manter unha boa saúde.	PE	10
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.	TI	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos empregando habilidades aprendidas previamente.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Axusta as súas respostas motrices en funcións das situacións de xogo creadas.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutras procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Reproduce ou constrúe, grupalmente, xoguets e xogos a partir de consignas dadas, comprobando a utilidade e aplicación dos mesmos, axustando e corrixiendo erros se fose necesario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.

UD	Título da UD	Duración
8	Acepto o reto!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.	TI	100
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Axusta as súas respostas motrices en funcións das situacións de xogo creadas.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Axusta as súas respostas motrices en funcións das situacións de xogo creadas.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos empregando habilidades aprendidas previamente.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente nas actividades propostas mostrando unha actitude favorable, respectando as normas e propoñendo solucións ás tarefas plantexadas.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Acepta ó grupo asignado na práctica e colabora cos seus compañeiros/as no desenvolvemento das actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Saúde social: - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.

Contidos

- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Esquema corporal:
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Definición da lateralidade.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos e bailes populares	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Traballa en grupo reproducindo coreografías sinxelas e/ou composicións que representen emocións, sentimentos ou escenas da vida diaria.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participa activamente en distintos xogos populares respectando as súas normas sendo capaz de verbalizar algunha regra e o desenvolvemento do xogo.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Traballa en grupo reproducindo coreografías sinxelas e/ou composicións que representen emocións, sentimentos ou escenas da vida diaria.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a importancia da práctica habitual de actividade física no seu tempo como medio para manter unha boa saúde.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Axusta as súas respostas motrices en funcións das situacións de xogo creadas.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
10	Xogos na rúa e natureza	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.	TI	100
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos en medios non habituais (natural e urbán) empregando habilidades aprendidas previamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a importancia da práctica habitual de actividade física no seu tempo como medio para manter unha boa saúde.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Propón respostas axeitadas ós problemas propostos en medios non habituais (natural e urbán) empregando habilidades aprendidas previamente.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Presta atención ás instrucións de seguridade dadas polo mestre aplicándoas na realización das actividades e xogos propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Localización no espazo en situacións cooperativas. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

Contidos

- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa da educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinabilidade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia. Estructurar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

E preciso prestar especial atención á eliminación das diferencias sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira *«coeducación física»*.

A metodoloxía polo tanto será:

Flexible. Axustar as propostas ó ritmo de cada alumno/a.

Activa. O/a alumno/a é protagonista da súa acción.

Indutiva. Favorecerá a autoaprendizaxe.

Lúdica. O xogo ocupará unha parte moi importante na actividade do/a neno/a.

Creativa. Estimulará a creatividade do alumnado evitando transmitir modelos estereotipados.

Integradora. Integrará nun só proceso as técnicas, habilidades e destrezas propias da Educación Física

Participativa. Favorecerá o traballo en equipo fomentando o compañeirismo e a cooperación.

Promoveranse, por tanto, estilos e metodoloxías que se adapten á individualidade do alumnado e poida garantir os cumprimentos das aprendizaxes propostas por todos e cada un deles. En canto ós estilos de aprendizaxe intentarase optar sempre que sea posible por aqueles que se centren no propio alumno/a e que fomenten unha aprendizaxe máis significativa: descubrimento guiado /ou resolución de problemas. Noutros momentos no que prime o control do grupo ou o mantemento de medidas de seguridade e hixiene optarase por métodos máis directivos.

Unha opción interesante, especialmente para os cursos superiores, poden ser os Modelos Pedagóxicos e dentro deles, por exemplo, o Modelo de Ensinanza Personalizada que permitirá á rapazada avanzar en función das súas propias posibilidades e ritmos de aprendizaxe, o Modelo de Educación Deportiva, na iniciación ós deportes individuais e de equipo, ou Modelo de Ensino Baseado no Xogo, para unha aprendizaxe crítica e reflexiva dos elementos técnico-tácticos dos deportes.. Por último

cando se opte por unha Aprendizaxe Cooperativa, entre outras medidas, formaremos grupos estables que se manteñan durante varias sesións para garantir así as medidas de seguridade e hixiene.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Móbiles (balóns, pelotas, bolas...)
Material para delimitar espazos (conos, picas...)
Implementos (sticks, pás, raquetas...)
Cordas
Aros
Gran material (colchonetas, colchón quitamedos, bancos...)
Material de deslizamento (scooters, patíns...)
Outro material deportivo

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que suministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

Con base no sinalado, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador; xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente; os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade; a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade; estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa

que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Á hora de falar sobre os recursos e materiais de Educación Física é necesario establecer as diferenzas que existen entre un e outro. Para moitos autores sinónimos, pero para outros hai unha diferenza entre os materiais e os recursos.

Trujillo (2010), menciona que por materiais defínense aqueles materiais curriculares que foron elaborados cunha finalidade explícita, mentres que os recursos didácticos toman o seu verdadeiro valor pedagóxico no momento no que os docentes deciden, desde a metodoloxía, integralos no currículo.

Os recursos e materiais utilizados nas sesións de Educación Física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrucción.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordados ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platean sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a

información. Os

obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.

- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas

abertas, pes xuntos), botar un balón.

- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.

- Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.

- Capacidades físicas: Resistencia, Velocidade, axilidade, Forza tren inferior, flexibilidade.

- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica...

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en vídeo para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.

3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus

coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.^ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.^ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	15	10	10	10	10	10
Proba escrita	5	10	0	10	10	10	10	0	0	0
Táboa de indicadores	95	90	100	90	90	90	90	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	6
Táboa de indicadores	94

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.

- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).

- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

A cualificación obterase tendo en conta:

Adquisición dos obxectivos (aspectos conceptuais, procedimentais e actitudinais) que suporá un 60% da cualificación.

Esfuerzo e interese (actitude, respecto de normas, participación) que suporá un 40% da cualificación.

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDE vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de graffas convencionais e non convencionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
5	Hai que reciclar	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Comparte as estratexias de procura guiada de instrumentos que poidan servir coma exemplo para a elaboración do seu.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa na produción da peza "hai que reciclar" mostrando confianza nas súas capacidades.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Mostra inteción comunicativa na interpretación da peza proposta.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	É quen de ler un esquema rítmico moi sinxelo en compás cuaternario para acompañar a peza proposta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño da peza proposta.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa de forma cooperativa na produción da peza proposta.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado obtido no tocante á interpretación musical.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Improvisa dous compases cuaternarios cun instrumento de percusión.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Mostra intención cooperativa e participativa no deseño e posta en escena da dramatización ou posta en escena da peza proposta		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Mostra intención cooperativa e participativa na produción e posta en escena da dramatización proposta		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado obtido no tocante á interpretación performativa ou proposta escénica.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade

Contidos

- de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
6	Todo queda en familia.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica os principais instrumentos de cada unha das tres familias (vento, corda e percusión).	PE	50
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algunha característica reseñable de algunhas das musicas presentadas.	TI	50
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Segue e comparte as estratexias seguidas de forma cooperativa para a procura de información sobre as familias de instrumentos.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
7	Cóntame un conto	3

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostra curiosidade e recoñece a música descriptiva nos exemplos plantexados	TI	100
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece algún elemento característico básico das distintas obras presentadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño do acompañamento do conto proposto.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa na produción cooperativa do acompañamento do conto proposto.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado obtido en referencia a sonorización do conto feita,		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algúns dos elementos fundamentas da estrutura dramática do conto: esceas, persoaxes, etc.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Colabora na produción da sonorización do conto proposto.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Mostra intención comunicativa na dramatización do conto proposto		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa con axuda do proceso de deseño da proposta escénica ou dramática do conto traballado.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa con axuda na produción cooperativo da proposta escénica ou dramática do conto traballado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado obtido en referencia dramatización do conto.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na creación e interpretación da proposta artística escénica e performativa do conto traballado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
8	Xa ven o Maio	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os maíos como unha expresión musical e cultural patrimonio da cultura galega.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa con axuda e de xeito guiado na creación da melodía do maío.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Mostra intención comunicativa ao cantar o maío.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Respecta o acento e a concordancia de acento melódico e prosódico, así como a figuración empregada na interpretación do maío		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Mostra actitude participativa e cooperativa no deseño da melodía do maío.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de produción do maío.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado final en referencia á interpretación musical do maío.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa en pequeno grupo na produción dunha parte do maío para logo pola en común.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Mostra intención comunicativa na interpretación do texto creado para o maio.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño da proposta escénica para representar o maio.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de posta en escena do maio.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión dobre o resultado obtido en referencia á proposta escénica e interpretativa do maio.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
9	Músicas de aquí e de alí	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñece os principais instrumentos da música tradicional galega e coñece a muiñeira.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece algunhas características básicas da música tradicional galega	TI	70
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Segue con interese a estratexia empregada para a procura guiada de exemplos de música galega, de diferentes comunidades autónomas, de outro países e de outras épocas e culturas.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	E quen de identificar algunha característica definitoria das distintas expresións musicais amosadas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa a súa opinión sobre o resultado obtido na interpretación musical proposta (Canto de canteiros)		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece a muiñeira como baile máis representativo da cultura galega.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe as características máis básicas das propostas escénicas e performativas amosadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Propón estratexias de búsqueda de información para atopar diferentes manifestacións culturais de distintos países e culturas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos máis esenciais da posta en escena e os aplica no canto de canteiros.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa; dirixida ó logro dos obxectivos, a integración dos contidos e ao desenvolvemento das competencias clave; sempre co neno/a no centro do proceso de ensino-aprendizaxe.

Destacar a importancia de establecer zonas de desenvolvemento próximo (Vigotsky), construír aprendizaxes significativas (aprendizaxe constructivista) e construír produtos de aprendizaxe (co deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ó alumno avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ó mesmo tempo).

Organización do tempo e do espazo.

Debido á idade e madurez do alumnado, este xa é capaz de afrontar unidades didácticas de certa duración, de modo que estas constarán de unha, dúas ou tres sesións. Durante o curso realizaranse en total 14 unidades didácticas. Como norma xeral, tódalas unidades didácticas comezan con actividades de motivación, presentando un centro de interese, e de aí pásase a unha actividade de avaliación inicial. Estas dúas, forman a fase de preparación, e a partires de aí pásase á fase de desenvolvemento, que son moi variadas debido á amplitude dos contidos da área. Cada unidade remata cunha actividade de avaliación que serve para que o alumnado e o profesorado saiba se se alcanzaron as metas previstas e o que se pode mellorar, e que conforma a fase de valoración (polo xeral unha asemblea de reflexión sobre o traballo feito ou unha mesa redonda tras o visionado do traballo realizado).

Os bloques de contidos trátanse globalmente en tódalas unidades didácticas, aínda que hai algunhas máis especializadas na percepción e outras na expresión, ou unhas máis centradas na expresión musical e outras nas artes escénicas e performativas. Respecto ao desenvolvemento das calidades dos sons, a secuenciación comeza por unidades didácticas con maior sentido rítmico (duración). Gradualmente, o centro de interese pasa á melodía (altura e intensidade), e remátase con outros aspectos musicais como os instrumentos (timbre) e a forma. A linguaxe musical, pola súa parte, trátase progresivamente en tódalas unidades, de igual xeito que a dramatización, a intención comunicativa e a expresión a través das artes escénicas.

No tocante á distribución do espazo, as sesións impartiranse na aula da tutoría poidendo trasladar a sesión un espazo máis aberto puntualmente para a realización de algún baile ou posta en escea que requira un maior espazo.

O principal recurso utilizado será a voz e a expresión corporal, con todas as súas posibilidades de expresión e comunicación. Estas posibilidades potencianse mediante actividades de exploración sonora e de descubrimento das posibilidades expresivas do movemento e a danza, sempre de xeito individual ou con coreografías.

Principios metodolóxicos.

Poñerase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Partindo de esas premisas, para a elaboración desta programación empregáronse os seguintes principios metodolóxicos:

- A actividade. Este enfoque supón que as cousas apréndense facéndoas. Polo tanto, é necesario vivenciar a través de actividades os contidos da materia.
- Aprendizaxe significativa. Enlaza co anterior, e supón que para que un contido se interiorice debe ter relevancia continuidade. Implica que se debe partir dunha base, e empregar o aprendido para a consecución dun obxectivo, como pasa por exemplo na execución instrumental, na lectura musical, na audición activa, nas composicións propias ou na construción de instrumentos.
- A unidade de teoría e práctica. É unha extensión dos anteriores. O coñecemento non só hai que adquirilo, hai que saber empregalo. Para eso propóñense numerosas actividades en cada sesión que desenvolven os distintos conceptos tratados, como por exemplo a vivenciación do ritmo a través do corpo, ou os cambios de compás a través do baile. Tamén implica unha actitude reflexiva e crítica, que obrigue a valorar e analizar as actividades e a consecución dos obxectivos.
- Partir do desenvolvemento previo do alumnado. É de vital importancia saber de onde se parte para saber a onde se pode chegar. Por iso todas as unidades comenzan por actividades de avaliación inicial.
- A atención personalizada. Hai que ter en conta as características e capacidades individuais de cada discente na súa triple dimensión (afectiva, cognitiva e física) dentro das limitacións propias do profesorado. Isto é de vital importancia á hora de atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- A socialización. As actividades de execución colectiva son básicas para potenciar a competencia social e cívica, e tamén relacionan ó alumnado co seu entorno.
- A creatividade. Enlaza directamente coa competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Para desenvolvela propóñense actividades de creación rítmica, melódica e de baile e movemento. Tamén mediante a improvisación instrumental ou vocal.
- A motivación. De modo xeral, a primeira actividade de cada unidade didáctica propón un centro de interese, que centre a atención e que marca uns obxectivos.
- A globalidade e a interdisciplinidade. Procurouse a integración das distintas experiencias do alumnado, dos diversos contidos e a interacción entre as disciplinas do currículo. Exemplos deste enfoque son as relacións coas linguas a través da letra das cancións, coas matemáticas a través das figuras rítmicas e o compás, coas ciencias a través dalgunhas obras e as relacións físicas dos instrumentos coas súas propiedades, e coa educación física a través

do movemento.

- A educación en valores. Trabállase en tódalas actividades a través do respecto ás normas de convivencia, á igualdade efectiva de xénero, fomento da equidade, a non discriminación, o desenvolvemento sostible, a valoración da pluralidade como fonte de enriquecemento e a prevención do uso de calquera tipo de violencia, con especial coidado do terrorismo e a violencia de xénero. Estas normas son básicas, e como parte do currículo han de ser valoradas e avaliadas. Ademais tamén se desenvolverán actividades concretas para tratar estes temas mediante cancións.

- A relación co entorno sociocultural. Este punto é moi importante en música, xa que pon ao alumnado en contacto coa súa cultura e co resto do mundo. Mediante as actividades propostas, acércase aos discentes á cultura galega, española e mundial, percibindo e valorando ás súas características propias e difereciadoras, mediante actividades de escoita, de interpretación e de baile.

Métodos didácticos.

A metodoloxía didáctica empregada será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Deste modo, a acción educativa está encamiñada á integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e ten en conta as súas características diferenciais, como distintos intereses ou ritmos de aprendizaxe, promovendo sempre a capacidade de aprender por si mesmo e o traballo colaborativo en equipo. Partindo destas premisas, empregaranse varios métodos didácticos para desenvolver esta programación.

- Método de proxectos. Parte dun centro de interese, a través do cal se formula un obxectivo a alcanzar. Os diferentes elementos dun proxecto van a permitir unha indagación ou investigación axudando ao alumnado a comprender e interpretar a realidade, ademais de contribuír a que participe no seu propio proceso de aprendizaxe e teña en conta as opinións dos demais como facilitadoras da aprendizaxe. Este método empregarase na investigación sobre o folclore galego, sobre algúns autores das audicións.

- Aprendizaxe por descubrimento. Supón que o contido principal a aprender non se dá, hai que descubri-lo. Este método é útil para plantexar un problema, e que o alumnado pense nunha posible solución. Sobre ela, sacarán conclusións, e corruxarán esta solución orixinal ou buscarán outra nova. Empregarase nas improvisacións melódicas, nas improvisacións e na construción de instrumentos.

Ademais destas metodoloxías xerais, tamén se empregarán as seguintes específicas en canto á ensinanza da música:

- Metodoloxía Orff-Wuytack. Aplicarase de modo xeral á ensinanza de instrumentos escolares de percusión e a frauta doce; á ensinanza, improvisación e lectura de ritmos mediante sílabas rítmicas ou instrumentos de percusión indeterminada; á improvisación melódica sobre escalas pentatónicas; e tamén para o baile e o seguimento de audicións mediante musicogramas.

- Metodoloxía Dalcroze. Emprégase a Eurrítmia para desenvolver a capacidade rítmica, para sentir os diversos compoñentes do ritmo a través do propio corpo e do seu movemento.

- Metodoloxía Kodaly. Principalmente a través do folclore popular, neste caso galego.

- Metodoloxía Willems. Aplícase ás actividades de audición activa, sobre todo de obxectos sonoros, para a discriminación das cualidades básicas do son e tamén as marchas.

- Metodoloxía Martenot. Mediante actividades de relaxación para aumentar o rendemento e a concentración.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Elementos tecnolóxicos esenciais: pizarra dixital, ordenador con conexión á rede, cámara de vídeo, micrófono.
Instrumentos de aula: instrumentación PAI, órgano eléctrico.
Material impreso: fichas de reforzo de contidos e de traballo de aula, pizarras borrables e rotuladores.

A falta de aula de música reducirase o emprego de instrumentación a aquela que poidamos trasladar á aula da titoría.

En unidades como a adicada á construción de instrumentos e obxectos sonoros con material de reciclaxe este será pedido de xeito individual, dentro das súas posibilidades. De calquera xeito é recomendable ter de man algúns

materiais esenciais coma gomas, botes, caixas, tanza... para poder tirar deles. De igual xeito para a unidade dos Maíos, na que se piden dous paus a cada alumno, é preciso contar con algúns pares na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas dúas primeiras sesións do ano académico. Tomaremos como referencia os resultados obtidos no curso anterior. As probas serán de tipo oral e práctico e unha ficha escrita. Teremos coma referencia os informes individualizados e, de ser o caso, as directrices marcadas polo titor ou titora e o departamento de orientación.

A partir dos resultados obtidos prepararanse os reforzos precisos para aqueles alumnos ou alumnas que vaian precisalo e informarase ao titor ou titora e, de ser o caso de atopar unha dificultade de aprendizaxe significativa, de igual xeito comunicáraselle ao departamento de orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	80	0	40	0	0	50	0	0	30	22
Táboa de indicadores	20	100	60	100	100	50	100	100	70	78

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación virá determinada pola media das unidades didáctica traballadas; sempre e cando se teñan acadado os mínimos de consecución de cada CA establecidos para cada unidade didáctica, e a nota obtida na proba escrita trimestral.

A nota final, dado o carácter intradisciplinar da materia, na que os contidos estanse poñendo en práctica constantemente, recaendo unha e outra vez no visto nas unidades anteriores, virá determinada pola nota da terceira avaliación; dando coherencia ao proceso de avaliación continua.

Criterios de recuperación:

A aquel alumno ou alumna que non tivera acadado os mínimos de consecución de cada CA ao rematar o trimestre se lle facilitará material para reforzar este contido e recuperalo ao longo do seguinte trimestre. Para tal fin informarase ao titor ou titora e aos pais do alumno de aqueles puntos nos que o alumno/a ten que mellrar.

No caso do terceiro trimestre de non ter acadado na última semana de maio tódolos mínimos establecidos informarase ao titor/a para que llo comunique aos pais ou titores legais, se lle facilitará material de reforzo (no caso de ser procedente) e se lle reavaliarán na primeira ou segunda semana de setembro.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	X	X		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X		X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X		X	X	X	
